

ACTA Nº 42/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 18 DE OUTUBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
Dona Libertad Cruz Couso
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 18 de outubro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se traen actas a aprobación.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións nºs 500/10, do 14 de outubro, e na 506/10, do 15 de outubro de 2010, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para, o recoñecemento da obriga na 500, co obxecto do posterior pagamento de alugueres e asesoramentos; e, na 506, para iniciar un expediente sancionador por depósito de entullos de obra.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- PROPOSTAS DE GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DE LOCAIS 3.A) DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados da parroquia de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo, etc.

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de enerxía eléctrica e auga, as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. 01100912348262(230810 a 210910) 184,22 euros.

AQUALIA P0020766 (xullo-agosto-setembro 2010) 17,55 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de **HERMANOS PIDRE COBAS.C.B.** por importe de 201,77 euros en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica e auga, con cargo a partida orzamentaria 2310 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 201,77 euros a **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.** en concepto de consumo de enerxía eléctrica e auga con cargo a partida 2310 20200.

3.B) DESTINADO A CENTRO CULTURAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado centro cultural Ramón Cabanillas.

Conforme coa cláusula terceira do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo, etc..

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de enerxía eléctrica as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. 01100812265266 (220710 a 240810) 10,15 euros.

GAS NATURAL, S.U.R. 01100912669294 (240810 a 220910) 14,20 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de **SANTOME GESTIDO, Manuel** por importe de 24,35 euros en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo a partida orzamentaria 3340 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 24,35 euros a **SANTOME GESTIDO, MANUEL**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 3340 20200.

4.- PROPOSTA DE GASTO

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS SOCIAIS	Saída cultura a Fegueirido	Autocares Benito García	2310 22610 RC 1412	2.068,20 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito que se efectuou para este gasto,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar as Propostas de Gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na taboa.

5.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA:

5.A) CONVOCATORIA PARA FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULAS EN LISTA DE ESPERA.

Visto o informe do director da Escola Municipal de Música do día 28 de setembro de 2010, que di:

“1º.- CONVOCATORIA PARA A FORMALIZACIÓN DAS MATRICULAS DE INTERESADOS EN LISTA DE ESPERA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA:

Se procede á convocatoria para formalizar a matrícula de interesados anotados en lista de espera aberta segundo os parámetros recollidos no Texto aprobado o 19 de Xullo en Xunta de Goberno:

-Prazo: Martes 19 Outubro a Venres 29 de Outubro.

-Procedemento:

1. Do 19 ó 29 de Outubro de 2010 formalizarase a reserva de praza mediante o **pago da taxa** de matrícula e a **cota correspondente ao 1º Trimestre** do curso 2010-11 no número de conta do Concello de Moaña:

2080 0529 05 0040000800

Constará en concepto:

1. Matrícula Escola Municipal de Música.
2. nome do alumno
3. nome do pai/nai/titor

As contías ascenden a:

TIPO de CUOTA	SEN DESCONTO	DESCONTO 25%	DESCONTO 50%
---------------	--------------	--------------	--------------

TIPO de FORMACIÓN	MATRÍCULA ANUAL	COTA TRIMESTRAL	MATRÍCULA	COTA TRIM.	MATRÍCULA	COTA TRIM
INICIACIÓN MUSICAL	35€	21€	26,25	15,75	17,50	10,50
INSTRUMENTO 1º curso	45€	36€	33,75	27	22,50	18

2. Do 19 ó 29 de Outubro de 2010 o alumnado deberá presentar nas dependencias da Escola, en horario de clase, o xustificante de pago que tanto pode ser o **resgardo de cor amarelo** coma o **boletín de matrícula co selo e sinatura** da oficina bancaria conforme as contías están pagas.

As prazas disponibles a ofertar unha vez feita a matrícula de Novo Ingreso son:

1praza Iniciación Musical 5 anos. Horario: Luns 17:30 -18:30h

1 praza 1º Instrumento ADULTO especialidade Clarinete. Horario Xoves 17:00h

1 praza 1º Instrumento ADULTO especialidade Frauta Traveseira: Horario Luns 18:30h

Os interesados preinscritos en lista de espera con dereito a matrícula e o importe correspondente a pagar é:

Preinscritos de Inciación musical:

Nome do/a Alumno/a	Pai, nai, titor	materia	Importe
LAURA GONZALEZ NOGUEIRA	BELEN COUSO CHAPELA	INICIAC 5	35€+21€

Preinscritos en formación instrumental:

Nome do/a Alumno/a	Pai, nai, titor	materia	Importe
VANESSA RIOS SEOANE	ADULTA	CLARINETE 1	45€+36€
ANGELA del RIO VAZQUEZ	ADULTA	FRAUTA 1	45€+36€

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cultura, de data 11 de outubro de 2010:

“O Concello de Moaña vai proceder a abrir o prazo de Formalización da Matrícula para prazas de novo ingreso na Escola Municipal de Música para o curso 2010-11, de acordo coas especificacións incluídas no informe do Director do Centro que se achega.

Solicítase da Xunta de Goberno a aprobación da actividade nos términos expresados no citado informe.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a apertura do prazo para que procedan á formalización da matrícula dos interesados anotados en lista e agarda aberta.

Segundo: Aprobar as listas de agarda con dereito a matrícula en iniciación musical e formación instrumental así como os importes a pagar.

Terceiro: Trasladarlle o acordo á Recadación municipal.

5.B) CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRIPCIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DA EDICION 2010-11

Visto o informe do director da Escola Municipal de Música do día 28 de setembro de 2009, que di:

“1º CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRIPCIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE da EDICION 2010-11:

-Prazo: Martes 19 de Outubro a Venres 5 de Novembro.

-Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán efectuar o pago correspondente en calquera oficina de Caixanova de Moaña no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto “**Obradoiro de BATERIA**” “**Obradoiro de HIP HOP**”, “**Obradoiro de MUSICA E CONTOS**”, “**Obradoiro de GRUPO POP**” ou “**Obradoiro SOLFEXO ADULTOS**” segundo corresponda.

Os prezos serán os estipulados na “III Proposta de Actividades Complementarias” presentada entre a Banda de Música Popular “Airiños do Morrazo”.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

Asimesmo, o departamento de Recadación do Concello pasará informe á Escola de Música o Luns 1 de Novembro sobre os preinscritos que a día venres 29 non efectuaron o ingreso para axiliza-lo pago dos interesados pendentes.

A continuación, e como anexo, se establece o listado de preinscritos con dereito á inscrición e o importe a pagar correspondente.

ANEXO ó TEXTO do 11 de Outubro sobre a: **CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRIPCIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA, 1º TRIMESTRE DO CURSO 2010-11:** Listado de preinscritos:

BATERIA				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Aula de batería	Alvarez Tomé Sara A.	9	606872024	30€
Aula de batería	Argibay Otero Sabela	16	986313607	30€
Aula de batería	Ballesteros Sanjorge Katrin	16	986327072	30€
Aula de batería	Barcia Ríos Adrian	8	627951421	30€
Aula de batería	Cores Antepazo Celia	11	661566619	30€
Aula de batería	Costas Cancelas Hugo	15	606395684	30€
Aula de batería	Fernández Malvido Claudia	11	647608023	30€
Aula de batería	García Villar Rodrigo	9	657121429	30€
Aula de batería	Hernandez Fernandez Ines	16	650236558	30€
Aula de batería	Pardo Santomé Iria	16	697838239	30€
Aula de batería	Pena Cruz Hugo	11	986314076	30€
Aula de batería	Pena Fernández Nerea	16	628477469	30€
Aula de batería	Pequeño Dacosta Leticia	17	697238312	30€
Aula de batería	Rodríguez Rodríguez Hector	9	670082445	30€
Aula de batería	Rosendo Santiago Anxo	8	655483757	30€
Aula de batería	Vazquez Corrales Manuel	14	627638075	30€

MUSICA E CONTOS

OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Música e contos	Cordeiro Gutierrez Samuel	5	677479077	18€
Música e contos	Pena Vázquez Claudia	5	630081408	18€
Música e contos	González Miranda Nuria	5	986315606	18€
Música e contos	Pena Cruz Antía HIP HOP 1- 9 a 12 anos	9	986315606	18€
Música e contos	OBRADOIRO NOME E APELIDOS	6	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Música e contos	Calvar Rodríguez Daniel	4	625607787	18€
Hip-Hop 1	Carballo Pérez Laura	11	658491900	18€
Música e contos	Rodríguez Díaz Candela	5	657922970	18€
Hip-Hop 1	Carvajal Seijo Candela	9	986313909	18€
Música e contos	Costa Chapela Mauro	6	676992754	18€
Hip-Hop 1	Custodia Soage Olaya	10	617382468	18€
Música e contos	Curro Pena Saray	4	699528275	18€
Hip-Hop 1	Graña Rodríguez Alicia	10	600076620	18€
Música e contos	Solla Pérez Silvia	5	986313230	18€
Hip-Hop 1	Guede Ramos Area M ^a	11	699255911	18€
Música e contos	Santomé Fernández Aitor	4	629717543	18€
Hip-Hop 1	Montoya López Alondra	10	669275872	18€
Música e contos	Ogando Bayr Samuel	4	636190786	18€
Hip-Hop 1	Núñez Enales Elba	10	626624910	18€
Música e contos	Núñez Paredes Lucía	5	629544805	18€
Hip-Hop 1	Pena Francisco María	10	653593489	18€
Música e contos	Carballo Peiró Iago	4	616385703	18€
Hip-Hop 1	Pena Pena Antía	10	661842129	18€
Música e contos	Rodríguez Díaz Silvia	4	639244127	18€
Hip-Hop 1	Riobó Masenlle Claudia	10	630292101	18€
Música e contos	Piñeiro Lestón Rubén	6	671693681	18€
Hip-Hop 1	Riobó Santomé Marola	10	652451173	18€
Hip-Hop 1	Riobó Santos Vera	10	986310306	18€
Hip-Hop 1	Rodríguez Miranda Aitana	9	636941882	18€
Hip-Hop 1	Rodríguez Ríos Alba	10	986134636	18€
Hip-Hop 1	Rodríguez Sotelo Alan	9	620121463	18€
Hip-Hop 1	Rosales Carballo Nerea	10	627647107	18€
Hip-Hop 1	Rúa Perez IAGO	9	667567217	18€
Hip-Hop 1	Sanz Freire Aitana	11	986310084	18€
Hip-Hop 1	Vazquez Corrales Belen	9	627638075	18€
Hip-Hop 1	Vilariño Tenorio Andrea	10	661603602	18€

HIP HOP 13 a 18 anos				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Hip-Hop 2	Argibay Otero Sabela	15	986313607	18€
Hip-Hop 2	Blanco Martínez Eva	17	664347580	18€
Hip-Hop 2	Campos López Andrea	14	696592180	18€
Hip-Hop 2	García Rodríguez Andrea	13	678672155	18€
Hip-Hop 2	Gómez Martínez Desireé	16	986311517	18€
Hip-Hop 2	Pardo Santomé Iria	16	697838239	18€
Hip-Hop 2	Pequeño DAcosta Leticia	17	697238312	18€
Hip-Hop 2	Rocha Bermúdez Laura	14	678720290	18€
Hip-Hop 2	Rosales da Silva Brenda	16	676437014	18€
Hip-Hop 2	Varela Currás Violeta	16	649848306	18€
Hip-Hop 2	Vazquez DosSantos Fátima	15	600218406	18€

GRUPO POP				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
GRUPO POP	Agra Currás Ariadna	10	615074195	18€
GRUPO POP	Baanante Pozo Ana	10	618964967	18€
GRUPO POP	Corrogal Alvarez Nerea	12	634281684	18€
GRUPO POP	Farucci Sanluis Ilian	11	616733770	18€

GRUPO POP	Fernandez Malvido Claudia	11	647608023	18€
GRUPO POP	García Rodríguez Andrea	13	678672155	18€
GRUPO POP	Gómez Martinez Desireé	16	986311517	18€
GRUPO POP	Jalda Fonseca Darío	11	986312186	18€
GRUPO POP	Montoya López Alondra	10	669275872	18€
GRUPO POP	Otero Perez Ismael	15	986310212	18€
GRUPO POP	Otero Perez Jael	16	986310212	18€
GRUPO POP	Pena Fernandez Nerea	16	628477469	18€
GRUPO POP	Pequeño Dacosta Leticia	17	687238312	18€
GRUPO POP	Rosales da Silva Brenda	16	676437014	18€
GRUPO POP	Sanchez Paz Antía	11	609671327	18€
GRUPO POP	Villaverde Iglesias Gabriel	17	986315614	18€

SOLFEXO DE ADULTOS				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	€/TRIM.
Solfexo adultos	Del Rio Vazquez , Angela	17	659766326	18€
Solfexo adultos	García Blanco, Alfonso	46	657121429	18€
Solfexo adultos	Garcia GARCIA, Lucia	55	646543541	18€
Solfexo adultos	Oliveiras Padró, Enric	39	669816551	18€
Solfexo adultos	Perez Carrera, Xosé Bieito	43	647775967	18€

Solfexo adultos	Ponte Pita, María	33	606642706	18€
Solfexo adultos	Rios Seoane, Vanessa	30	627951422	18€
Solfexo adultos	Rios Seoane, Vanessa	30	627951422	18€
Solfexo adultos	Vidal Alonso, Jorge L.	42	600470315	18€
Solfexo adultos	Vilariño Meira, Sagrario	45	677788171	18€

Vista a proposta do Concelleiro de Cultura, de data 11 de outubro de 2010:

“O Concello de Moaña vai proceder a abrir o prazo de pago da cuota para os inscritos nos Obradoiros 2010-11 de acordo coas especificacións incluídas no informe do Director do Centro que se achega.

Solicítase da Xunta de Goberno a aprobación da actividade nos términos expresados no citado informe.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a relación de inscritos no Obradoiro da Escola Municipal de Música de Moaña, 1º trimestre do curso 2010-11, nas modalidades de batería, música e contos, Hip Hop 1- 9 a 12 anos, Hip Hop 13 a 18 anos, grupo pop e solfexo de adultos.

Segundo: Aprobar a apertura do prazo de pagamento das cotas, que segundo informe do Director da Escola, irá dende o Martes 19 de Outubro ata o Venres 5 de Novembro.

Terceiro: Trasladarlle o acordo á Recadación municipal.

6.- BAIXA DE USUARIO DE LUDOTECA

Visto o informe do 13 de outubro de 2010 emitido pola coordinadora da Ludoteca en relación á baixa do socio nº 25, Adrián Gutiérrez Martínez, por cumprir 13 anos, o que conleva a modificación da tarifa que tiña asignada o seu irmán, o socio nº 26,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de baixa da Ludoteca ao socio nº 25, Adrián Gutiérrez Martínez, por superar a idade máxima á que vai destinada este servizo

Segundo: Modificar a tarifa asignada ao seu irmán o socio 26.

Socio 26	Óscar Gutiérrez Martínez	Art. 4 Epgr. 1º
	Mª ISABEL MARTÍNEZ MARTÍNEZ (titora)	51.316.728 W

Terceiro: Trasladar á Recadación municipal a presente resolución.

7.- TRÁFICO

7.A) D.^a Maria Isabel Boubeta Pérez, por escrito do 28 de xuño de 2010, expón que no acceso a Meira dende a EP1101 hai un cruce con pouca visibilidade, e solicita a instalación dun espello segundo croquis que achega..

Visto informe do inspector-xefe da Policía local do 21 de xullo de 2010, conformado pola concelleira delegada, no que indica que no lugar de Pozonegro hai un cruce que interceptan en ángulo de cuarenta e cinco grados e que a característica do cruce e os muros de inmobles impiden a visibilidade. Recomenda colocar o espello solicitado no lugar retratado nas fotografías que acompaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do espello solicitado nos termos recollidos no informe do inspector-xefe.

7.B) D.^a Sonia Carballo Rivas, por escrito deo 24 de agosto de 2010, solicita unha liña discontinua para pasar ao garaxe da súa casa, en Sisalde, 24, xa que antes existía e pola reforma do Rosal a pintaron continua.

Visto o informe favorable do inspector-xefe da Policía local do 27 de agosto de 2010 á liña discontinua na EP-1101 en Sisalde nº 24,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o pintado da liña discontinua na EP-1101, á altura de Sisalde nº 24.

7.C) Visto o informe do inspector-xefe do 28.09.10, que di:

Na confluencia das rúas Fragata Almansa e Méndez Núñez acontecen, de cotío, situacións de preigo considerable para os vehículos que saen da primeira cara á segunda por canto na zona de aparcamento reservado a carga e descarga (situada en M. Nuñez diante do chalet de P. Lucendo) paran/aparcan camións e furgonetas que impiden ver os vehículos que baixan por M. Núñez para os que saen de F. Almansa, ata que están enriba da confluencia.

Sería aconsellable colocar un espello na beirarrúa contraria da rúa M. Núñez que permitise a visibilidade para os vehículos que saen de F. Almansa, tanto en dirección P. Almacén como en dirección ao muelle.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do espello nos termos recollidos no informe do inspector-xefe.

8.- ALTA NO PADRÓN DE SANEAMENTO

D. Francisco García Malvido, por escrito do 4 de agosto de 2010 e en contestación a un requirimento de Aqualia para acreditar que ten pagadas as taxas de conexión á rede de

saneamento na rúa do Vilela, 57, presenta o recibo do IBI e fotocopia de recibo pagado do ORAL do ano 2004 por importe de 14,42 euros en concepto de *Taxas e prezos públicos 2004 – Saneamento..*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda constatar a alta no Padrón de saneamento a D. Francisco García Malvido, uso doméstico, en Vilela, 57, Tirán; e, se non consta, que se dea de alta.

[18:45, vaise Libertad Cruz Couso, antes de comezar Urbanismo],

9.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

9.A) EXPTE. 149/10 – D. PABLO PAZ COLLAZO presenta proxecto básico de vivenda unifamiliar no lugar da Grela, do barrio de Fontes-Tirán, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado o 09.08.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 14 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO:Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 7 de setembro de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Queda substituído o plano nº 2 por outro de idéntica numeración visada polo COAG con data de 01/10/2010.

Non require informes sectoriais.

Cédense 42,00M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 420,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario..

Superficie de parcela ascende a 645,50 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	4.000,00 €
Taxas licenza urbanística	500,00 €
Cartel	110,00 €
Conexión sumidoiros	180,00 €

9.B) EXPTE. 60/10 – D.^a CARMEN MARÍA RIOBÓ VEIGA presenta proxecto básico e execución de conservación de vivenda en planta baixo cuberta de edificio existente no barrio de Palmás, 112 – Domaio, redactado pola arquitecta técnica D^a Miren Oskia Ormazábal López, visado na data 10.05.2010,.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 14 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da vivenda baixo-cuberta co mantemento estrutural da mesma. Substitución de alicatados e plaquetas en cocíña e baños, substitución de carpintería de aluminio, impermeabilización de terraza e colocación de plaqueta de gres antideslizante e revestimentos de paramentos verticais e hourizontais con pintura plástica. .

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	357,59 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

9.C) EXPTE. 172/10 – D.^a DOLORES CARMEN NORES MAQUIEIRA presenta proxecto para cambio de material de cubrición dunha vivenda xa existente situada no Foxón, nº 11, Tirán, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o 17 de setembro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva a actuación se centra no cambio de tella e colocación dunha barreira de illamento térmico. Preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	177,42 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

9.D) EXPTE. 27/10 – D. JOSÉ LUIS NÚÑEZ FERVENZA presenta proxecto de legalización de local auxiliar de vivenda sito no barrio de Fontes, 185, Tirán, redactado por JH ARKMO, S.A., arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, visado na data 17.02.10, expte. nº 05/09 de reposición da legalidade urbanística.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 15 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: LEGALIZACIÓN LOCAL AUXILIAR DE VIVENDA.

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións a vía pública e fianza subscriba polo arquitecto tecnico municipal con data de 24 de maio de 2001 para Ordenanzas 2; acción que se corresponde cunha anterior acto edificatorio que se reflicte no expediente arquivado 77/01.

Non require informes sectoriais.

No expediente consta escritura de arrimo.

A edificación definida no presente proxecto aséntase sobre a parcela do expediente 77/01 lindante coa parcela do expediente 26/06 de idéntico peticionario

Consta na resolución da Comisión Muicipal de Goberno de 28 de maio de 2001 para o expte.: 77/01 a cesión a vía pública practicada a a formalización da fianza para sufragar os custos de urbanización.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	984,67 €
Taxas licenza urbanística	87,92 €
Cartel	110,00 €

10.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

10.A) EXPTE. 181/09 – D. ENRIQUE SANTOMÉ PÉREZ presenta anteproxecto de cerramento de parcela da súa propiedade, sita no lugar do Touzal, núm. 45, do barrio de Reibón-Meira, cunha lonxitude de 36,72 m e unha altura total de 1,80 m, a base de bloques de formigón cara vista, postes metálicos e malla, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal.

Dáse conta do informe da asistencia técnica municipal do 28 de xullo de 2010, que di:

CONSIDERACIÓNS

- 1.- En data 22 de xullo de 2010, apórtase plano topográfico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, aclaratorio da aliñación do muro a executar para xustificar a non inclusión dentro do ámbito do Plan de Sectorización da Xunqueira.
 - 2.- A obra cumpre os parámetros urbanísticos da ordenanza 2, cunha altura de 1,80 m menor dos 2,00 m permitidos. Os bloques a utilizar serán debidamente pintados ou revestidos, podendo tratarse de bloque de acabado rugoso en cor.
 - 3.- Unha vez que se trata de obra considerada menor, a documentación achegada considérase suficiente.
 - 4.- A valoración presentada de 1403,51 € considérase axeitada o tipo de obra a realizar.
 - 5.- A obra gardará os retirados a vial para a aliñación segundo a categoría do mesmo.
- Por todo isto e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir a seguinte

CONCLUSIÓN

A obra de muro de peche a executar segundo a aliñación establecida no plano aportado en data 22 de xullo de 2010 é viable e por tanto **conta con informe favorable para obtención de licenza.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	39,30 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

10.B) [Auséntase o concelleiro sr. Rodas]

EXPTE. 170/10 – D.^a MARÍA JOSÉ ALFAYA DEL RÍO presenta memoria descriptiva para colocación de formigón dun camiño de servidume de 12,10 ml, 1,20 m. de ancho e 10 cm de espesor, situado na r/ Ramón Cabanillas, nº 114.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de outubro de 2010, que di:

ASUNTO: LOUSA PARA PAVIMENTO (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación presentada.**

Non require informes sectoriais.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 12,20 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

[Reincorpórase o concelleiro Daniel Rodas]

10.C) EXPTE. 162/10 – D. ANTONIO PIRES PIÑEIRO solicita licenza municipal para obras de construción de muro de peche de 69,47 ml (69,47 m²), por 1,00 m de alto a base de bloques de formigón, perfís metálicos e tela metálica, no barrio de Reibón s/n, Meira.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de outubro de 2010, que di:

ASUNTO: PECHE (O.MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A lindantes. Altura máxima de un metro de postes e malla metálica. Prohibense os bloques de formigón en solo rústico.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 40,92 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

11.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. RUBÉN ANTEPAZO MIRANDA

Vista a solicitude de D. RUBÉN ANTEPAZO MIRANDA na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado o 3 de setembro de 2010, correspondente ao expediente nº 100/2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 14 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 100/2010 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 100/2010.**

12.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA

EXPTE. 114/08 – TERRAE MOAÑA, S.L., representada por D. Juan Arturo Maya Jalda, presenta proxecto básico de edificio de dous sotos, planta baixa, dúas plantas e baixo-cuberta para garaxes, trasteiros, locais comerciais, dúas oficinas e catorce vivendas, situada na travesía da Martinga, redactado polo estudo de arquitectura JH ARKMO, visado o 07.04.2008; superficie construída 3.018,52 m², orzamento das obras 1.090.010 €.

Dáse conta dos informes do aparelador municipal dos días 27 de novembro de 2009 e do 5 de outubro de 2010, que literalmente din:

a) Arturo Garrido García, aparelador municipal, a requerimento do Sr. Alcalde, en relación coa petición formulada por D. Juan Maya Jalda, en nome e representación de TERRAE MOAÑA,S.L.(n° de rexistro de entrada 8.887) sobre unha proposta urbanística para o desenvolvemento dunha parcela que se reflicte no plano axduntado, emite o presente informe:

A lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, no artigo 3 en relación coa suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral, entre outros, e no seu apartado 1, suspéndese calquera instrumento de equidistribución que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra a dentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios que se relacionan no anexo.(Moaña). No apartado 2.b) do referido artigo, se determina que esta suspensión será aplicable nos municipios costeiros con poboación inferior a 50.000 habitantes a todos os terreos calificados como solo urbano incluídos en polígonos, unidades de actuación ou de execución como o caso que nos ocupa; polígono que queda definido como unidade de gestión na planimetría (plano 3.4 para a clasificación do solo, viario y gestión del agregado urbano Moaña-Meira e Domaio).

O alcance das medidas de suspensión son aplicables a municipios con planemanto xeral non adaptado a lei 9/2002, de 30 de decembro, por dous anos a paartir da entrada en vigor da presente lei, ou ata a aprobación do Plan de ordenación do litoral ou do PXOM adaptado integramente a lei 9/2002.

No documento do PXOM en tramitación solo clasifícase de urbano non consolidado.

Aos efectos oportunos.

Moaña, 27 de novembro do 2009.

-.

b) EXPEDIENTE: 114/2008

Non procede licenza.

En relación coa petición formulada con rexistro de entrada 7365 de 17 de setembro de 2010, atendendo a novos acontecementos normativos derivados da aprobación inicial do POL, disposición quinta e seguintes da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 23 de xullo de 2010 polo que se aproba inicialmente o Plan de ordenación do litoral de Galicia (DOG 30/07/2010), queda acordada a suspensión para este solo urbano non consolidado das medidas de protección establecidas Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do litoral de Galicia; tal levantamento de medidas urxentes non modifican o desenvolvemento integral equidistributiva da xestión que precisa a unidade.

Emítase o presente informa, que se somete a calquera mellor fundado.

Moaña, 5 de outubro de 2010.

--

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	27.250,25 €
Taxas licenza urbanística	2.725,02 €
Cartel	110,00 €
Conexión sumidoiros	2.520,00 €

Visto o informe do secretario municipal do 18 de outubro de 2010, que entre outros extremos indica que o artigo 242.6 do RD lexislativo 1/1992 polo que se aproba a Lei do Solo e de Ordenación Urbana, vixente logo da Lei 6/1998, resalta que *en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislacion e do planeamento urbanístico*, polo que en ningún caso cabe entenderse concedida licenza por silencio administrativo, de entenderse contraria ao planeamento urbanístico aplicable aínda que se rebasase o prazo previsto na lei. Conclúe o informe que do informe técnico se extrae que é incompatible a solicitude coas normas subsidiarias municipais e a súa planimetría, e en vista das condicións da parcela e a consideración da existencia no ámbito de unidade de xestión que precisaría do correspondente desenvolvemento e equidistribución integral, polo que **procede denegar a solicitude**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes acorda denegar a solicitude polos motivos recollidos nos informes do aparellador e do secretario municipais.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.